

Os dous artistas ferroláns preséntanse con obras moi variadas

Montserrat Gutiérrez e Siro, próximas exposicións da Galería Sargadelos

Redacción • Ferrol

A Galería Sargadelos de Ferrol prepara dúas novas exposicións plásticas para cando remate a actual mostra fotográfica e bibliográfica sobre Angola. Nestas novas apostas da

galería que dirixe Fina Casal estarán presentes dous artistas moi diferentes, con obras moi distintas pero que teñen o denominador común de seren de Ferrol. Trátase da pintora e profesora Montserrat Gutiérrez Valerio, que presentará o seu novo tra-

ballo pictórico en Sargadelos entre o día catro de outubro e o día 29 do mesmo mes. Posteriormente, será o humorista gráfico Siro quen presente unha obra variada dos seus últimos anos de traballo, durante o mes de novembro.

A pintora Montserrat Gutiérrez, nacida na localidade muñeguesa de O Seixo, pero residente en Ferrol, é a próxima apostada de Sargadelos.

Esta artista, que debutou exponendo no ano 86 na primeira edición da mostra "Novíssimos", non ten moito costume de presentarse na súa cidade. "É algo frecuente nos pintores de Ferrol. Ademais moitos viñen fóra", salienta Montserrat.

Ruptura co pasado

A exposición que esta artista prepara en Ferrol supón unha variación respecto das súas últimas etapas creativas, definidas por ela mesma como "máis suaves e tristes". Neste sentido, Gutiérrez Valerio comenta: "Vou levar a Sargadelos unha mostra de papeis e cartóns, onde as texturas, como sempre na miña obra, teñen moita importancia. Agora busco algo menos lírico e unha certa ruptura co pasado. Non son cuadros figurativos, teñen moito de xogo de símbolos".

Por outra banda, despois desta exposición, a obra do artista gráfico Siro será a que cupe as paredes e o salón da Galería Sargadelos. Esta mostra coincide durante quince dí-



A pintora ferrolá amosará unha escolma da súa última obra, que propón novedades no seu estilo

as coa que Siro amosará no Centro Torrente Ballester, ándade que esta será do seu tra-

llo pictórico. A mostra de Sargadelos presenta un percorrido por diferentes pezas crea-

vas, con todo tipo de ilustracións e formatos, feitas por este recoñecido debuxante.

C. CARBALLERA